



## ANEXO III

**CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN****AXUDA**

Referencia: ED 431D R2016/046			
Título: Rede de Lexicografía (RELEX)			
CENTRO: Facultade de Filoloxía			
OBJECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.			
LUGAR E HORARIO: Facultade de Filoloxía, de luns a venres, de 10 a 14 h			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador asociado <input type="checkbox"/>		* Investigador en formación <input type="checkbox"/> * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico de apoio á investigación <input checked="" type="checkbox"/>		Axudante de apoio á investigación <input type="checkbox"/>	
Técnico administrativo <input type="checkbox"/>		Axudante administrativo <input type="checkbox"/>	
XORNADA	Tempo Completo:	Tempo Parcial: <input checked="" type="checkbox"/>	
DURACIÓN	13 meses	DATA APROX. DE INICIO	01-10-2017
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 933,33€/mes			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 6130242607-541A-6490200			

\* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensalidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

**REQUISITOS**

TITULACIÓN: Licenciatura ou Grao en Filoloxía ou equivalente.
EXPERIENCIA: Ver memoria da convocatoria
REQUISITOS: Os requisitos deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes

**LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN**

LUGAR: email da IP: maria.dolores.sanchez.palomino@udc.es
PRAZO: 10 días desde a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC

**ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN**

ÓRGANO: Coordinadora xeral da rede: María Dolores Sánchez Palomino
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios do Departamento de Letras

A Coruña/Ferrol, 15 de setembro de 2017

O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

SANCHEZ  
PALOMINO  
MARIA  
DOLORES -  
32449433K

Asdo.: \_\_\_\_\_

Firmado digitalmente por SANCHEZ  
PALOMINO MARIA DOLORES -  
32449433K  
Nombre de reconocimiento (DN):  
c=ES,serial=number=32449433K,  
sn=SANCHEZ PALOMINO,  
givenName=MARIA DOLORES,  
ou=SANCHEZ PALOMINO MARIA  
DOLORES - 32449433K  
Fecha: 2017.09.15 15:03:44 +02'00'

**Documentación que debe presentar o solicitante:**

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

\*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG

## MEMORIA DE CONTRATO CON CARGO Á REDE DE LEXICOGRAFÍA (RELEX)

XUNTA DE GALICIA, ref. ED431D R2016/046

O Grupo de Estudos Románicos e Comparados (ROMANYCOM) xestiona unha axuda concedida pola Xunta de Galicia en 2016 para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do Sistema Universitario de Galicia na modalidade de Redes. A Rede de Lexicografía (RELEX) está conformada por nove grupos do SUG, así como por sete grupos máis externos ao SUG (España e estranxeiro), e ten por obxectivo impulsar a lexicografía e disciplinas afíns en todos os ámbitos de actuación (docencia, investigación, formación e transferencia).

### Tarefas que realizaría o beneficiario do contrato

O beneficiario do contrato prestaría apoio e colaboración nas seguintes tarefas:

1. Elaboración e mantemento da páxina web da rede.
2. Edición, maquetación e procesamento de textos.
3. Apoio nas actividades que a rede organice ou nas que participe: III Congreso Internacional RELEX (web, inscricións, libro de resumos...), cursos de formación, etc.
4. Colaboración en tarefas auxiliares de investigación (actualización bibliográfica, elaboración de glosarios, redacción de textos, pequenas traducións...).
5. Apoio en busca de axentes, grupos e redes interesados na temática de RELEX.
6. Apoio na posta en marcha de novas liñas de investigación dentro da rede e na solicitude de proxectos.
7. Colaboración nas tarefas de xestión administrativa e económica da rede.

### Duración do contrato

A duración estimada é de trece meses, desde o 1 de outubro de 2017 ao 31 de outubro de 2018. As condicións do contrato son: tempo parcial, de luns a venres e de 10 a 14 horas, cunha retribución bruta de 933,33 € ao mes.

### Requisitos dos candidatos

Titulación requirida: Licenciatura ou Grao en Filoloxía ou equivalente.

### Criterios de valoración

1. Expediente académico: ata 10 puntos (5 se a media é de 5 a 7; 7,5, se é de 7 a 9; 10 puntos se é de máis de 9).
2. Estudos de Máster relacionados coa filoloxía, coa materia da rede ou coas tarefas que se van realizar (ata 10 puntos: 5 se a media é de 5 a 7; 7,5 se é de 7 a 9; 10 puntos se é de máis de 9).
3. Título de Doutor relacionado coa filoloxía, coa materia da rede ou coas tarefas que se van realizar (ata 5 puntos: 1 se a cualificación é Aprobado; 2, se é

Notable; 4, se é Sobresaliente; 5 se ten a mención *cum laude*; segundo o sistema Non apto/Apto: 2,5 se a cualificación e Apto, 5 se é Apto cum laude).

4. Participación en proxectos de investigación ou convenios con empresas relacionados coa filoloxía, coa temática da rede ou coas tarefas que se van realizar (ata 2,5 por ano, máximo 10 puntos).
5. Coñecementos de Inglés: B1 (2,5 puntos), B2 (5 puntos), C1 (7,5 puntos), C2 (10 puntos).
6. Coñecementos de Galego: Celga 4 (5 puntos), Celga 5 (10 puntos).
7. Coñecementos de TEI e dixitalización de textos (máximo 10 puntos): 2 puntos por curso realizado e 2 puntos por ano de experiencia.
8. Coñecementos de editores e programadores de textos, XML, bases de datos e programas de concordancias de carácter lingüístico ou de utilidade para a lingüística: ata 20 puntos (2 puntos por curso realizado e 2 por ano de experiencia).
9. Outros méritos relacionados coa temática da rede ou as tarefas que se realizarán: ata 15 puntos (outros idiomas: ata 3 puntos, 0,25 por B1, 0,5 por B2, 0,75 por C1 e 1 punto por C2; cursos: ata 3 puntos, 0,25 por curso realizado; estadías: ata 3 puntos, 0,25 por mes en España e 0,5 por mes no estranxeiro; publicacións: ata 3 puntos; bolsas e premios: ata 3 puntos).
10. Entrevista persoal, no caso de ser necesario (máximo 10 puntos, a maiores dos 100 anteriores).

### Lugar de publicación da resolución de concesión do contrato

Taboleiro de anuncios do Departamento de Letras da Facultade de Filoloxía.

A Coruña, 15 de setembro de 2017.

A Investigadora Principal,

SANCHEZ  
PALOMINO  
MARIA  
DOLORES -  
32449433K

Firmado digitalmente por  
SANCHEZ PALOMINO MARIA  
DOLORES - 32449433K  
Nombre de reconocimiento  
(DN): c=ES,  
serialNumber=32449433K,  
sn=SANCHEZ PALOMINO,  
givenName=MARIA DOLORES,  
cn=SANCHEZ PALOMINO  
MARIA DOLORES - 32449433K  
Fecha: 2017.09.15 15:04:36  
+02'00'